



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

REUNIDOS

Dunha banda

A Consellería do Mar, representada por Rosa María Quintana Carballo, en virtude do Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras de la Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

E doutra parte, a entidade Federación Galega de Confrarías de Pescadores, CIF: representada por (DNI), presidente da Federación Galega de Confrarías de Pescadores, en virtude dos artigos 20 e 21 dos seus estatutos ratificados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos o 22 de outubro de 2004 (DOG núm. 228, do 23 de novembro de 2004).

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e

EXPOÑEN

Primeiro

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de confrarías de pescadores segundo o artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española e co Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado a Galicia en materia de agricultura e pesca.

Segundo

Que a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten entre as súas competencias o fomento da organización sectorial que se desenvolve co apoio ao asociacionismo e proporcionando asistencia técnica ás confrarías de pescadores, organización de produtores da pesca e demais asociacións relacionadas co sector.

Terceiro



Que a Federación Galega de Confrarías de Pescadores é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e da capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración na defensa e promoción do sector, sendo o seu obxecto a coordinación, xestión e representación dos intereses económicos e sociais comúns das confrarías que a integran.

Que as inversións previstas coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxectivo a execución de actuacións que supoñerán melloras nas instalacións no relativo á mellora da eficiencia enerxética, na seguridade, e acondicionamento do interior da sede, así como no funcionamento administrativo mediante a adquisición de material informático e administrativos, mellora da wifi, e actualización de contidos na páxina Web.

Que a organización de distintas xornadas formativas e divulgativas, como a promoción e fomento das confrarías de pescadores, o impacto do Sistema TAC'S e formación do persoal das confrarías en especial os gardapescas son necesarias para a adaptación as normas formas de xestión e participación nas confrarías de pescadores.

Cuarto

Que a Federación Galega de Confrarías de Pescadores está inscrita no folio 4 do Libro 2 do Rexistro de Federacions de Confrarías de Pescadores, creado pola Lei 9/1993, do 8 de xullo, de Confrarías de Pescadores de Galicia.

Quinto

Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o para o ano 2017 (Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017) figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de capital, con carácter nominativo do orzamento, 14.03.722A.781.2 proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores (en adiante beneficiaria) co fin de financiar as inversións que leve a cabo esta institución sen ánimo de lucro para acadar a mellora da competitividade.



SEGUNDA. Finalidade da subvención

A realización dos investimentos necesarios para a mellora da competitividade son os seguintes:

1. Mellora nas instalación da beneficiaria: sistema de seguridade e control nas pechaduras, pintar a sede social, mellora da eficiencia enerxética na iluminación.
2. Mellora do funcionamento administrativo da beneficiaria: adquisición de material informático e administrativo, mobiliario diverso, mellora wifi, actualización de contidos de páxina web.
3. Organización de varias xornadas de traballo sobre a aplicación da normativa prevista TAC'S, accións de divulgación e formación do persoal das confrarías de pescadores en concreto do persoal guarda-pesca en materia de actualización formativa.

TERCEIRA. Importe e contía da subvención. Gastos subvencionables

A Consellería do Mar achegará un importe máximo de vinte e sete mil euros (27.000 €) que se financiará con cargo á partida orzamentaria 14.03.722A.781.2 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

Os gastos imputables son aqueles realizados pola beneficiaria para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio descritos na cláusula segunda, co límite máximo de **27.000 €**.

CUARTA. Concorrenza de subvencións

O importe da subvención percibida para este investimento non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados supere o custo da inversión aquí proposta. Ao efecto de poder comprobar tal extremo nas xustificacións de pagamento debe presentarse declaración das axudas solicitadas e concedidas coa mesma finalidade.

QUINTA. Obrigas do beneficiaria

A beneficiaria, comprométese a:

1. Dedicar integramente o importe desta axuda á adquisición dos bens e outras accións descritas na cláusula segunda
2. A poñer en coñecemento da Consellería do Mar calquera incidencia que afecte á realización dos investimentos, proporcionando canta información sobre as accións obxecto deste convenio lle sexa requirida.
3. Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, consonte ao disposto no artigo 40.1 h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Ademais son obrigas da beneficiaria todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.



A beneficiaria da axuda consente expresamente a inclusión dos datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvención de Galicia.

A concesión da subvención implica a autorización, á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

A beneficiaria deberá ter cumpridas as obrigas establecidas nos artigos 55 e 58 do capítulo VI e nas seccións 3ª e 4ª do capítulo IX do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, segundo se establece na Disposición adicional segunda do devandito decreto.

SEXTA. Publicidade da subvención

1. A beneficiaria, consonte ao disposto no artigo 20 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante Decreto 11/2009) deberá de dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento.
2. A beneficiaria deberá incluír nos documentos impresos o logotipo da Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial, sen prexuízo de que a beneficiaria incorpore o seu propio escudo ou logotipo.
3. Sen prexuízo do previsto no artigo 20 do Decreto 11/2009, o incumprimento da obriga da beneficiaria de dar a adecuada publicidade do financiamento será causa de perda do dereito ao cobramento da subvención. Se é o caso, será tamén causa de reintegro das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que correspondan, de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, en relación co artigo 33.d) da dita norma, e seguirase o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.

SÉTIMA. Forma de pagamento e xustificación da subvención

A Consellería do Mar, ao abeiro do establecido nos artigos 62 e 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuará o libramento da axuda ao ritmo de execución e xustificación do gasto e, en todo caso, mediante a presentación da seguinte documentación, **antes do 16 de novembro de 2017**:

Memoria económica xustificativa para os gastos con cargo á partida orzamentaria **14.03.722A.781.2**, que incluírá:

- a. Relación das facturas e outros gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final o total dos gastos. Esta relación estará conformada polo secretario da Federación Galega de Confrarías de Pescadores, co visto e prace do seu presidente.



Tanto a presentación das facturas, como os xustificantes do seu pagamento, deberán achegarse á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A súa relación ordenada é requisito imprescindible para a tramitación do mencionado pagamento, devolvéndose toda xustificación que non cumpra con estes requisitos.

Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os orixinais serán devoltos cando se comprobe a xustificación do gasto.

b. Declaración responsable, expedida polo órgano competente da entidade, de cada gasto realizado indicando que teñen relación co obxecto do convenio.

c. Declaración responsable, expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique entidade concedente, data e importe total percibido.

d. Declaración responsable, expedida polo órgano competente, de que os bens adquiridos e financiados por esta subvención son de uso exclusivo dos membros dos órganos reitores ou de ser o caso do persoal contratado ao servizo da beneficiaria.

De acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:

- Pagamentos consonte ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro: mediante pagamentos parciais unha vez xustificadas os gastos comprensivos de polo menos o 25% do importe do convenio, por parte da beneficiaria.
- A data tope de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% é o **16 de novembro de 2017**.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no seu artigo 29.2, consideranse gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Poderanse realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de acordo coas condicións establecidas nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A entidade beneficiaria deberá de solicitar o importe de pagamento anticipado que considere necesario, ata un máximo de **13.500 €**. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Consonte ao disposto no artigo 65.4 i) quedan exentos da constitución da garantía, "os beneficiarios das subvencións concedidas das que os pagos non superen os 18.000 euros. No caso de



pagos anticipados e/ou pagos a conta o importe anterior enténdese referido á cantidade acumuladas dos pagamentos realizados”

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

OITAVA. Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.

NOVENA. Normativa de referencia

Todas as actuacións de xestión de actividades do obxecto deste convenio, estarán suxeitas á normativa vixente en materia de axudas e subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e polo seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e por calquera outra de aplicación.

DÉCIMA. Comisión de seguimento

O seguimento e control do establecido no presente convenio realizarase por unha comisión de seguimento formada pola Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, polo/a subdirector/a xeral de xestión, ensino e relacións sectoriais, e polo presidente e o Secretario da beneficiaria.

UNDÉCIMA. Resolución de controversias

En caso de controversias sobre a interpretación e aplicación das cláusulas deste convenio, estas resolveranse pola comisión prevista na cláusula anterior.

No caso de que subsista o desacordo, dita cuestión controvertida someterase ao coñecemento da Xurisdición Contenciosa Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DUODÉCIMA. Transparencia e Bo Goberno na Administración Pública Galega

De conformidade co establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio, e no restos das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 da antedita Lei 1/2016, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións, atoparanse obrigadas a subministrarlle a Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento, por aquela, das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

Asemade, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do



disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo e no 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMA TERCEIRA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria, polas prestacións que se deriven deste convenio.

DÉCIMO CUARTA- Vixencia e efectos

A duración do presente convenio alcanza ata o dezaseis de decembro de dous mil dezasete sen posibilidade de prórroga.

A Consellería do Mar

Federación Galega de Confrarías de Pescadores

A conselleira

O presidente

Rosa María Quintana Carballo